

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000004

ACTA Nº 2021/4 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN - TELEMÁTICA, MÉRCORES 30 DE XUÑO DE 2021 -

No día de hoxe, ás 19:10 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: Benigno Galego Castro

ASISTEN: Cándido Eusebio Preto Lago, Rocío Martínez Martínez, Marina Tojeiro Martínez, Cristian Carrodegua Graña, Maria-Amalia Díaz Rodríguez, Alberto Javier Rey Paz e Patricia Santalla Pérez

AUSENCIAS: David Prada Aneiros.

SECRETARIA – INTERVENTORA: M^a Yolanda Ares Bao

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1..Aprobación , se procede da acta do Pleno reunido o día 30/04/2021 .

A concelleira **María Amalia Díaz Rodríguez** quere aclarar que no apartado de rogos e preguntas, concretamente na pregunta número tres das realizadas por ela ao alcalde sobre o arranxo de camiños, non dixo que o camiño de Vilela non debese ser amañado.

Os membros do pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a proposta anterior .


2.-- Proposta de Alcaldía: Festivos locais para 2022.

A Secretaria da lectura da proposta de Alcaldía que se transcribe a seguir:

«Dada a posibilidade de establecer dous días de cada ano natural como festas locais, segundo establece o artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores esta alcaldía propón ó Pleno a aprobación da seguinte proposta:

Primeiro - Establecer como festivos locais para o ano 2022, o 1 de marzo de 2021, martes de entroido e outro día a determinar polos membros do pleno.

Segundo- Remitirlle copia deste acordo a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade»



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000004

Antes de proceder ao debate o alcalde advirte da existencia dun erro na proposta en canto ao ano de referencia do festivo proposto. A proposta é para o 1 de marzo de 2022, non de 2021.

Os membros do Pleno por unanimidade aprobaron a proposta anterior coas seguintes observacións:

Primeiro - Establecer como festivos locais para o ano 2022, o 1 de marzo, martes de entroido e o 13 de xuño (Santo Antonio).

Segundo- Remitirlle copia deste acordo a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade

O alcalde propón o 13 de xuño, Santo Antonio, como festivo a eleger en sede plenaria.


O Concelleiro Cristian Carrodegus Graña intervén para mostrar o seu acordo co 13 de xuño.

O concelleiro Alberto Rey Paz, indica que tamén sería unha boa opción o día 30 de outubro, por facer ponte co 1 de novembro, pero que non obstante tamén lle parece ben o día 13 de xuño.

Control dos órganos de goberno

3.- Dar conta dos decretos da Alcaldía . A relación de Decretos da Alcaldía para dar conta no Pleno ordinario de xuño é a seguinte :

Decreto	Fecha Firma	Asunto
75/2021	16-04-2021	Aprobación do expediente de contratación da obra:: Ampliación de auga a Casavella (A Barqueira) incluído en POS 2020
76/2021	26-04-2021	Convocatoria da Comisións Informativa de contas
77/2021	27-04-2021	Contrato Menor para a redacción do proxecto : MELLORAS NA E.T.A.P. DE CERDIDO
78/2021	28-04-2021	Convocatoria do Pleno ordinario do mes de abril de 2021
79/2021	28-04-2021	Tramitación de Subvenciones:Proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais para o ano 2021 DOG 58 26/03/2021
80/2021	28-04-2021	Aprobación da certificación num 3 e final da obra : Contratación de Obras .Camiño de as Felgosas a Paleira (A Barqueira) e outros
81/2021	28-04-2021	Aprobación da certificación num 2 e final da obra : Camiño de O Covelo as Mestas (Os Casas) e outros POS 2019+ 2/ADICIONAL por maiores achegas
82/2021	29-04-2021	Decreto aprobación facturas, gastos de nóminas etc. abril 2021
83/2021	29-04-2021	Contrato privado de aluguer de vivendas de os Casas. Primeiro esquerda
84/2021	01-05-2021	Solicitud de subvención para abastecemento: Melloras na ETAP de Cerdido -




Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000004

		(código de procedemento AU300A)
85/2021	07-05-2021	Alta no padrón municipal de habitantes en Casaldaia de Abaix, 6, Cerdido
86/2021	07-05-2021	Contratación de persoal aboral a través da subvención da Deputación PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021
87/2021	10-05-2021	Contrato Menor para realizar o servizo de lavado e desinfección de 300 contedores de lixo verdes
88/2021	10-05-2021	Contrato menor espectáculos. Rede Cultural da Deputación da Coruña 2021
89/2021	11-05-2021	Modificación orzamentaria xeración de crédito, subvención administrativo servizos sociais
90/2021	11-05-2021	Contratación dunha Auxiliar Administrativo a través do Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais do ano 2021
91/2021	12-05-2021	Expediente de contratación para a asesoría xurídica do Concello de Cerdido
92/2021	14-05-2021	Contrato menor privado: Seguro obrigatorio de vehículos. Ssangyong Actyon Sports 3375GCZ
93/2021	14-05-2021	Contrato menor privado: Seguro obrigatorio de vehículos. TT URO C3991CG
94/2021	19-05-2021	Recoñecemento de trienios
95/2021	20-05-2021	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALÍA
96/2021	24-05-2021	Autorización de uso dun local da Casa da Cultura a Asociación de Produtores de Madeira Promacer de Cerdido o 24 de maio
97/2021	25-05-2021	Lista de persoal temporal para posibles nomeamentos como persoal laboral para o posto de traballador social.
98/2021	25-05-2021	Contrato Menor para a adquisición de guantes e xel hidroalcohólico
99/2021	25-05-2021	Aprobación da lista de persoal temporal para posibles nomeamentos como persoal laboral para o posto de traballador social.
100/2021	28-05-2021	Contrato menor para a adquisición de roupa e EPIS para o persoal de Servizos Varios
101/2021	28-05-2021	Autorización de uso dun local da Casa da Cultura a Asociación de Produtores de Madeira de Cerdido o 31 de maio de 2021 de 10:00 a 14:00 para unha xuntanza da directiva da entidade
102/2021	31-05-2021	Solicitude de Antonio Lopez Vázquez en nome da Asoc. Promacer para usar a casa da cultura o 2 de xuño de 10:00 a 14:00 horas para unha xunta sobre a certificación forestal
103/2021	31-05-2021	Solicitude de tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía
104/2021	31-05-2021	Solicitude de tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía
105/2021	01-06-2021	Modificación do punto terceiro do decreto 10/2021 do 27 de xaneiro de 2021



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000004

		asignando un novo reparto da produtividade entre os funcionarios do Concello de Cerdido
106/2021	03-06-2021	Aprobación de facturas, nóminas e outros do mes de maio de 2021
107/2021	03-06-2021	Solicitud de Antonio Lopez Vazquez en representación da Asociac. Promacer para usar un local da casa da cultura o venres 4 de xuño de 10:00 a 14:00 horas para unha reunión da xunta directiva para tratar e planificar a assemblea xeral
108/2021	08-06-2021	Contrato da proxección de cine: "Nocturna unha aventura máxica" a través da Rede Cultural da Deputación da Coruña
109/2021	09-06-2021	Alta no padrón municipal de habitantes en Penso, 10, Cerdido
110/2021	09-06-2021	Autorización constitución depósito fianza aluguer de vivendas de os Casas. Primeiro esquerda
111/2021	11-06-2021	Relación de recibos correspondentes ó mes de abril do 2021 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar

A concelleira María Amalia Díaz Rodríguez, pregunta polo Decreto nº 105/2021 de 1 de xuño sobre novo reparto de produtividade.

O alcalde contesta que ao haber persoal de baixa fíxose un novo reparto.

4.- ROGOS E PREGUNTAS

O Concelleiro Alberto Rey Paz, fai as seguintes preguntas e rogos :

1.- Manifesta a existencia de varias pistas que se atopan en mal estado: A de Ríoforcado a A Paleira. Igualmente a do Río a Pontellas na que se comezou a traballar pero se parou antes das casas. Tamén as de Casaldaia a Regueiro e a da Rañoa a Barbelas. Por último sinala que no caso da de Chao tamén que se comezou a limpar e parouse.

O alcalde manifesta ser coñecedor de que hai pistas sen desbrozar pero que polas datas aínda se está en tempada de desbroce e por tanto manifesta que se está a traballar nese asunto.


Indica que no caso da pista do Río a Pontellas, parouse antes das casas porque o resto se fixo a man e que na de Chao avaríouse o tractor e por ese motivo se tivo que interromper o traballo.

Recorda que o concello só ten un tractor e que por iso houbo que contratar unha empresa para que se leven a cabo os traballos de desbroce.

A empresa comezará a traballar a semana que ven ou a seguinte e a previsión é que a finais de xullo ou primeiros de agosto se rematen os traballos.

2.- A piscina do Castro está limpa e en funcionamento, ¿vaise abrir durante o verán?

O **alcalde** responde que polas limitacións de aforo impostas pola COVID 19 éste vese reducido a só 13 usuarios na piscina e nos vestiarios ao 30%, polo que só se permiten 2 ou 3 persoas. Os gastos de



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000004

funcionamento da piscina son elevados para un uso tan limitado e ademais depéndese dos permisos de sanidade.

O alcalde abre o turno de palabra a todos os concelleiros para que manifesten o seu parecer en relación con este tema. A continuación reflíctense as intervencións dos concelleiros:

O concelleiro Cándido Eusebio Prieto Lago: Parécelle que 13 persoas son poucas e ademais expón o problema que se podería producir se van 13 persoas de fóra do concello e chega un 14 que, sendo veciño, non podería disfrutar das instalacións. Neste sentido parécelle que se debería valorar a aprobación dunha normativa para limitar ou dar preferencia á xente do concello.

A concelleira Marina Tojeiro Martínez: Sinala que nas condicións apuntadas non lle ve moito futuro e que ademais a situación COVID parece que vai a peor.

O concelleiro Cristian Carrodegas Graña: Indica que coincide coa opinión da anterior concelleira - Marina Tojeiro Martínez-. Sobre todo polas limitacións no vestiario. Tamén se mostra de acordo no exposto polo concelleiro Cándido Eusebio Prieto Lago e recalca, por último, que a apertura son sae rendible nesas condicións.

O **alcalde** intervén para sinalar que por rendibilidade dende logo que non. Para abrir 5 días, de mércores a domingo e pechar o luns e martes para desinfectar, consultadas ofertas con varias empresas a máis económica é de 3.000,00€ ao mes.

A concelleira Rocío Martínez Martínez manifesta que tampouco ve viable a apertura nesas condicións.

A concelleira Patricia Santalla Pérez sinala o mesmo: que é moi pouco aforo e que de abril, debería darse prioridade aos veciños do concello.

A concelleira Maria-Amalia Díaz Rodríguez considera que é unha situación complicada e que de abrir a piscina, parécelle ben a proposta do concelleiro Cándido Eusebio Prieto Lago.

Por último, **o concelleiro Alberto Javier Rey Paz**, recorda que antes había varias quendas de acceso e propón que, se non para o acceso libre, sí se podería abrir a piscina para facer cursiños ou calquera outra actividade limitada con monitor.


O alcalde manifesta que antes había quendas pero só para os sábados e domingos e que ademais o aforo era de 26 usuarios.

En canto ao dos cursos di que se podería ser pero que a piscina é cuberta e que no momento no que vai bo tempo a xente vai á praia. De todas formas, poderíase ver se hai demanda entre a veciñanza deste tipo de cursos.

Por último, en relación con esta cuestión, sinala que se porá en contacto con empresas prestadoras deste servizo para ver a viabilidade do tema dos cursos.

3.- **O concelleiro Alberto Javier Rey Paz** expón unha nova pregunta sobre o campamento do Castro.

O **alcalde** responde que sí, que se van usar 2 aulas cumprindo os protocolos.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2021/G010/000004

A concelleira **María Amalia Díaz Rodríguez** interven para preguntar quen é o responsable dos protocolos COVID.

O **alcalde** respóndelle que o organizador.

A **concelleira Patricia Santalla Pérez** informa que organiza a Anpa e a asociación Airiños dos Carrís.

A concelleira **María Amalia Díaz Rodríguez** pregunta se o Muíño de Losada no Paseo Fluvial do Río Pontellas é do concello.

A resposta do alcalde é que é de propiedade privada.

4.- O concelleiro **Alberto Javier Rey Paz** pregunta polo sinal na pista de Vilela que limita a 2 toneladas o peso para circular e sobre como se vai facer para sacar madeira ou circular por riba dese peso.

O **alcalde** indica que a idea da limitación é para que os camións sexan conscientes de onde se van meter porque xa houbo problemas nesa pista. Hai unha semana e media que un camiión lle deu a unha casa. Informa de que se vai poñer outro sinal de limitación pero esta vez en altura e que para pasar será necesario control do concello.

O **concelleiro** indícalle que o sinal non indica “atención” senón que é de “prohibido”.

O **alcalde** di que sí, pero que foi para saír do paso e que é de prohibido porque non se pode pasar.

5.- Por último, o **concelleiro Alberto Rey Paz** pregunta polas baixas de varios funcionarios e pola situación laboral do concello, xa que hai comentarios sobre enfrontamentos entre o alcalde e o persoal. Pregunta se hai algún conflito laboral.

O **alcalde** di que as baixas as da o médico e que non cree que se den por conflito laboral.

O **concelleiro** responde que os conflitos poden dar lugar a enfermidades e no anterior pleno déronse queixas de funcionarios que non eran produtivos e logo vemos que se fixo un decreto sobre o tema.

Para rematar a **concelleira Maria Tojeiro Martínez** pide desculpas sobre os comentarios feitos no pleno anterior relacionados cos funcionarios.

Ás 19:59 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, M^a Yolanda Ares Bao

O alcalde, Benigno Galego Castro